

EN CORPO E ALMA

Título orixinal *A testről és a lélekről* **Dirección e guión** Ildikó Enyedi **Ano** 2017

Duración 116 min. **País** Hungría **Lingua** Húngaro **Fotografía** Máté Herbai

Montaxe Károly Szalai **Son** János Köporosy **Música** Adam Balazs **Deseño de produción** Imola Láng **Produtora** Inforg-M&M Film Kft **Reparto** Morcsányi Géza, Alexandra Borbély, Ervin Nagy, Pál Mácsai, Júlia Nyakó, Tamás Jordán, Gusztáv Molnár, István Kolos, Annamária Fodor, Itala Békés **Distribución** Karma Films

Sinopse María comeza a traballar coma supervisora nun matadoiro de Budapest, onde logo comezan a xurdir rumores e dixomedixomes arredor dela. Durante os almozos opta sempre por sentar soa, é consciente dos seus deberes e obrigas e tenlles un estricto apego ás normas. O seu mundo componse de cifras e datos impresos na memoria dende a súa infancia. Endre, o seu xefe, é un tipo tranquilo. Ambos comezarán a coñecerse lentamente.

Festivais e galardóns Oso de Ouro ao Mellor filme, Premio Fipresci e Premio do Xurado Ecuménico na Berlinale 2017 / Seleccionada por Hungría para os Oscar 2018 / Sección Perlas en Donostia 2017 / Mellor Filme en Sidney 2017.

PRÓXIMAS SESIÓNS | FEBREIRO 2019

Martes 19 **THE FLORIDA PROJECT**

(Sean Baker, 2017, EE UU, 115')

Martes 26 **BURNING**

(Lee Chang-dong, 2018, Corea do Sur, 148')

www.facebook.com/cineclubepontevedra • cineclubepontevedra.blogspot.com.es twitter.com/CineclubePo • instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:



Coa colaboración de:



EN CORPO E ALMA

ILDIKÓ ENYEDI

CINECLUBE PONTEVEDRA

A CONDICIÓN HUMANA

En todos os meus proxectos, a historia é o menos importante. Este filme, como todos os demais, nace a partir dun forte desexo pola miña parte de compartir o meu modo de ver a condición humana, de como vivimos as nosas vidas. Ademais, tamén buscaba mostrar unha vívida e apaixonada historia de amor da maneira menos vívida e apaixonada posible.

Coma persoa reservada que son, sei o moito que pode haber oculto tras unha fachada plácida e gris. Canta dor, anhelos, paixón, ese é o heroísmo da vida diaria. Mentres camiño pola rúa, reparo nos rostros da xente e sei que mesmo detrás dos que resultan máis aburridos ou estúpidos pode haber algo marabilloso.

PREMISA, SITUACIÓNS E PREGUNTAS

A idea principal da trama veu de golpe: que pasaría se un día coñeces alguén que soña as mesmas cousas ca ti pola noite? Que farías? Emocionaríache ou asustaríache? Pareceríache divertido, intrusivo...? Se cadra romántico? Situacións así, que funcionan como premisa de todo un filme, son o mellor. Xeran preguntas cuxas respostas deveses por coñecer, para logo abrir se cadra novas preguntas.

FERIDAS NO POSTO DE TRABALLO MODERNO

O matadoiro do filme non é simplemente un lugar arcaico e sanguento. É un lugar aséptico, ben organizado e moderno, adscrito a todo tipo de regulacións. É o espello da nosa sociedade occidental. Tras desfacer nos (ou case) da relixión como pilar fundamental para darlle sentido á nosa vida, atopámonos nun momento no que non sabemos como lidar cos intres máis importantes: o nacemento, o amor e a morte. Antes, o ritual, a conciencia de pertencer a un intre sagrado, contribuí a vivir eses momentos dunha forma plena. Ao perder este esquema sólido, a sociedade tratou de darlles sentido a estes momentos vitais dunha maneira pragmática. Isto convértenos en meros obxectos. Seino porque dei a luz a tres nenos no hospital. A un deles perdino por mor dun erro médico que tivo moito que ver con este pragmatismo inhumano. O mesmo ocorre cos animais que vexo chegar ao matadoiro en camións, que non me fan pensar na súa inminente morte, senón na vida que viviron. Unha vida pobre e restrinxida, completamente desprovista da realización da chamada dos seus instintos.

Os meus dous heroes, Endre e Mária, non son só persoas introvertidas. Están feridas por dentro. O seu obstáculo son os sinais que denotan a súa delicada saúde mental. Reaccionan a unha contorna (non xa a do matadoiro, senón a sociedade enteira) que non está feita para eles, nin para ningún.

UNHA IMPORTANTE LECCIÓN VITAL

Foi un xesto especialmente valente por parte do dono do matadoiro o de recibirnos, arriscábase a ser albo de ataques dende diversas direccións. Fóra do horario de traballo podíamonos mover libremente por alí. Tres días á semana mataban animais e o resto dedicábanos ao procesado da carne. Sempre que pasabamos por alí desinfectaban despois, era obrigado levar roupas sanitarias e cobertores para o calzado. Deixounos claro que non ía tolerar tonterías no que respectaba aos seus animais. Non ía permitir que o gando tivese que repetir o proceso de saír dos camións e baixar a rampa.

Mate Herbai, o meu director de fotografía, e mais eu fomos por alí varias veces, pero moitos dos membros do equipo nunca estiveran nun lugar así. Para redondear a experiencia vivida comemos nun restaurante cercano, propiedade tamén do dono do matadoiro. Alí comemos estofado de carne procedente de animais do propio matadoiro, de animais que coñeceramos. Coido que foi unha importante lección vital para o equipo ver como esa comida chegaba ao prato. Sabendo iso, cadaquén toma a decisión de que comer, que mercar e como vivir a súa vida.

UNHA GRAN FERRAMENTA SOCIABILIZADORA

Síntome profundamente conectada con este filme. Eu son Mária, mellor dito, funo unha vez. Tras converterme en nai e ter a oportunidade de vivir a canda os meus fillos unha infancia moito menos introvertida da que vivín eu, a miña vida volveuse moito máis relaxada. Son filla única. De nena era miúda, calada e boa nos estudos. Moi mala, porén, para as relacións sociais, horrible para as conversas triviais. Pero, de súpeto, as miñas habilidades comunicativas agromaron da nada. Convertínme nunha líder de maneira natural, sen ser autoritaria, e foime moi ben.

Para min, facer filmes é unha ocasión irremprazable para exercer vida social. Na rodaxe, a xente traballa dun xeito moi interdependente. Percíbese como axiña unha esquece os salarios, os problemas cotiáns e como todo o mundo se concentra a morte nun só obxectivo: crear algo que chegue ao corazón de persoas descoñecidas de todo o mundo. Se tivese que lle explicar a un marciano como funciona a humanidade levaríao a un set de rodaxe. Alí a xente saca o mellor de si, o seu lado máis xeneroso e, á par, efectivo. Todos compartindo co propósito de avivar a imaxinación de alguén. De facer realidade os seus soños.